



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

CONVOCATORIA DE PLENO ORDINARIO

Como Concelleiro/a e membro desta Corporación Municipal de Negreira, por medio da presente se lle convoca á sesión que terá lugar, con carácter ordinario o próximo día **9 de marzo (luns) de 2020 ás 20:00 horas** no Salón de Plenos do Concello, conforme a **Orde do Día** que se relaciona a continuación:

Primeiro.- Dar conta dos Decretos de Alcaldía emitidos dende o último Pleno Ordinario: do nº 1/2020 ó nº43/2020, ambos inclusive.

Segundo.- Convalidación, se procede, do Convenio de colaboración, de data 18 de febreiro de 2020, entre os concellos da Baña, Negreira e Val do Dubra para a financiación dos gastos de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2020.

Terceiro.- Convalidación, se procede, do Convenio de colaboración, de data 14 de febreiro de 2020, entre os concellos de Negreira e da Baña, para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a compra dun vehículo na liña de concorrencia competitiva.

Cuarto.- Convalidación, se procede, do Convenio de colaboración, de data 17 de febreiro de 2020, entre os concellos de Negreira, A Baña, Santa Comba e Val do Dubra para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Convalidación, se procede, do Convenio de colaboración, de data 17 de febreiro de 2020, entre os concellos da Baña, Negreira, Santa Comba e Val do Dubra para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro Dual de Emprego: "Obradoiro Mais2020".

Sexto.- Proposta de acordo que formula o Grupo Municipal do Partido Popular en relación ás subvencións procedentes do Fondo de Compensación Ambiental na súa liña non competitiva.

Sétimo.- Proposta de acordo que formula o Grupo Municipal do Partido Popular para apoiar á Xunta de Galicia na reclamación ante o Goberno de España para que efectúe o ingreso das contías pendentes correspondentes ao IVE 2017, e na reclamación de convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira de tal xeito que se aproben, para Galicia, os incentivos polo bo desempeño fiscal correspondentes aos anos 2017 e 2018.

Oitavo.- Proposta de acordo que formula o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre a política do Goberno galego en relación ao servizo de Pediatría.

Noveno.- Proposta de acordo que formula o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para garantir a igualdade de trato entre as parellas de feito e as casadas no acceso á pensión de viuvez.

Décimo.- Rogos e Preguntas.

Negreira, á data que figura na sinatura.

O alcalde

Manuel Angel Leis Míguez



Oficina 000 Nº. 20200000000222 03/03/2020 12:44:14

Concello de Negreira: Salda

OFICINA REXISTRAL